



III TROFEO NADAL DE ATLETISMO EN PISTA CUBERTA

REGULAMENTO

Artigo 1. ORGANIZACIÓN.

Asociación Deportiva Atlética do Sil, Club Deportivo Aurum, Club Deportivo La Purísima, Club Ourense Atletismo e a Escola de Atletismo Ben Cho Shey, coa colaboración da Delegación en Ourense da Federación Galega de Atletismo organizan o **III Trofeo Nadal de Atletismo en Pista**, que se celebrará o **venres 4 de xaneiro de 2019 ás 18:00 h., na Pista de Atletismo Cuberta de Ourense.**

Artigo 2. PROGRAMA DE COMPETICIÓN

Prográmanse as seguintes probas para homes e mulleres:

PROBA	CATEGORÍA
50 m.	Sub10
60 m.	Sub12 – Sub14 – Sub16 – Sub18
500 m.	Sub10 – Sub12 – Sub14
1.000 m.	Sub14

Coa relación definitiva de atletas admitidos/as publicarase o horario de competición.

Artigo 3. PARTICIPANTES.

Poderán participar todos/as os/as atletas con licenza federativa en vigor.

Artigo 4. INSCRICIÓN.

As inscricións realizaranse na intranet da RFEA ata as 20:00 h. do martes 1 de xaneiro de 2019. Os/as atletas deberán aportar a súa mellor marca para ser encadrados/as nas series.

Finalizado o prazo de inscrición publicarase a relación de atletas admitidos/as.

Terán garantida a súa inscrición os/as atletas pertencentes aos clubs organizadores.

Artigo 5. RECOLLIDA DE DORSAIS.

Os/as Delegados/as de cada club recollerán os dorsais na Secretaría de Competición.



Artigo 6. CÁMARA DE CHAMADAS.

Todos/as os/as participantes deberán pasar por Cámara de Chamadas

Protocolo de Cámara de Chamadas

CÁMARA CHAMADAS	APERTURA	PECHE
	20' antes da proba	10' antes da proba

Artigo 7. NORMATIVA.

Para todo o non disposto neste regulamento aplicarase a normativa FGA e, de ser preciso, a normativa RFEA e IAAF.